



Bernardo Trasera Rois é o novo Campión Galego de Caza Menor

O pasado sábado 14 de novembro celebrábase no Tecor "Cova da Serpe" da Sociedade de Cazadores de Friol, en Lugo, a vixésimo terceira edición do Campionato Galego de Caza Menor con Can, organizado pola Federación Galega de Caza en colaboración coa Sociedade de Cazadores de Friol.

Participaban neste campionato galego os cazadores clasificados dos seus respectivos campionatos provinciais: 6 por Coruña, 5 por Lugo, 4 por Ourense e 6 por Pontevedra, ademais do último Campión Galego da modalidade, sumando un total de 22 participantes, que comezaban puntualmente a súa participación ás 9.00h.



Rematada a proba, era o cazador lucense Bernardo Trasera Rois quen, cos 500 puntos que lle reportaba a arcea capturada, se proclamaba Campión Galego. O tamén lucense Cristian Fernández Abuín capturaba tamén unha arcea e remataba segundo clasificado da proba. O terceiro posto foi para o representante da provincia da Coruña José Constantino Domínguez Agulleiro, que tamén capturaba unha arcea.

CLASIFICACIÓN			
Pos	Cazador	CAPTURAS	Puntos
1º	Bernardo Trasera Rois (LU)	1 arcea	500
2º	Cristian Fernández Abuín (LU)	1 arcea	500
3º	José C. Domínguez Agulleiro (CO)	1 arcea	500
4º	Rubén Martínez Bugallo (OU)	2 agachadizas	400
5º	Cristóbal Cacheda Chouza (PO)	1 coello	350

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com